



# XOVES

## I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Un ano máis, a Axencia Galega de Innovación participou na selección e no acto de entrega de premios aos proxectos gañadores da xa **terceira edición do Programa Argos**, celebrado o pasado xoves **8 de Abril** no Salón Reitoral da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

O **Programa Argos** é unha iniciativa conxunta da área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da USC e da incubadora de empresas UNINOVA, que conta coa colaboración dos concellos de Santiago e Lugo, o IGAPE e a Axencia Galega de Innovación. Este programa atópase en liña co Programa de Emprendemento Innovador, un dos catro programas cadro da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3), centrado en potenciar a oferta de oportunidades ao talento investigador e innovador galego naquelas áreas, intensivas en coñecemento e/ou tecnoloxía, vencelladas aos nichos de especialización rexional.

Na categoría **Argos Spin**, no que se premiaba ao mellor plan de empresa desenvolvido a partir de algún dos resultados de investigación da USC, resultou gañadora a **iniciativa Gen-DR (Genetics and Drug Response)**. Gen-DR aspira a converterse nunha spin-off de servizos de farmacoxenética, disciplina que estuda o efecto da variabilidade xenética dun individuo na súa resposta ante determinados fármacos.

Pola súa banda, na categoría **Argos Enxenio**, que premia os plans xurdidos a través de ideas de negocio aportadas por algún dos participantes no programa, resultou gañador o equipo do **proxecto Meetlab**. Esta iniciativa ten como obxectivo o

establecemento dunha tenda en liña de servizos en biotecnoloxía na que os científicos atopen un catálogo de provedores que simplifique as decisións de contratación deste tipo de servizos.

Os equipos gañadores recibirán **3.000 euros cada un**, ademais de 6 meses de acceso gratuito a espazos de incubación da USC e asistencia gratuita no proceso de constitución da empresa.

Ademais dos gañadores, tamén recibiron unha **mención de honra** os equipos que completaron o período formativo de Argos. Na modalidade **Argos Spin** chegaron a fase final ADEGA (All your Documents Enriched with Graph Annotations) e Lacteal (Suplementos Alimenticios para Algas). Na **modalidade Enxeño**, completou con éxito o programa a iniciativa Diario do Mar (Diario dixital sobre noticias relacionadas co sector marítimo e pesqueiro galego).

Podés obter máis información do programa neste [enlace](#).

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es).